

TELÉFONO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES

900 400 273 (24 horas, gratuito, en distintos idiomas)
TELÉFONO 016 (24 horas, gratuito, en distintos idiomas)
Emerxencias 112 (24 horas, gratuito, funciona mesmo sen cobertura)
Policia Nacional 091
Garda Civil 062
Emerxencias 112
Urxencias 061

Secretaría Xeral de Igualdade:

San Lázaro s/n- Santiago de Compostela
Telf. 981 545.367/981-545.351
Correo electrónico: vx.igualdade@xunta.es

CIM de A Coruña:

Barrio das Flores. Rúa Hortensia s/n - A Coruña
Telf. 981 184 356
Correo electrónico: cim@coruna.es

CIM de Ferrol

Rúa Lugo, 56. 15402 Ferrol
Telf. 981 944 124
Correo electrónico: muller@ferrol.es

CIM de Lugo

Parque da Milagrosa. Avenida da Coruña, 212. 27003 Lugo
Telf. 982 297 412
Correo electrónico: cmuller@concellodelugo.org

CIM de Ourense

Rúa Ensino, 24. 32002 Ourense
Telf. 988 374 401
Correo electrónico: concelleriamuller@ourense.es

CIM de Pontevedra

Chalé de Fontoira
Rúa Xofre de Tenorio, 1 - baixo. 36002 Pontevedra
Telf. 986 864 825
Correo: igualdade@concellopontevedra.es

CIM de Santiago de Compostela

Rúa Isaac Díaz Pardo, 2. 15705 Santiago de Compostela
Telf. 981 542 465
Correo electrónico: cim@santiagodecompostela.org

CIM de Vigo

Rúa Romil, 20. 36202 Vigo
Telf. 986 293 963
Correo electrónico: info.muller@vigo.org

Tamén existen CIM en moitas outras localidades, **chama ao 900 400 273** e infórmate do máis próximo ao teu domicilio.

Colexio de Avogados de A Coruña

Rúa Francisco Tapia, 11 , Baixo
Telf. 981 12 60 90
www.icacor.es

Colexio de Avogados de Ferrol

Rúa Coruña, s/n
Telf. 981 35 47 05
www.icaferrol.es

Colexio de Avogados de Lugo

Rúa Pascual Veiga, 2
Telf. 982 24 10 07
www.icalugo.org

Colexio de Avogados de Ourense

Rúa do Concello, 22
Telf. 988 21 00 76
www.icaourense.es

Colexio de Avogados de Pontevedra

Rúa Reina Victoria nº 9
Telf. 986 89 68 66
www.icapontevedra.es

Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

Rúa Eduardo Pondal 4, Baixo
Telf. 981 58 17 13
www.icasantiago.org

Colexio de Avogados de Vigo

Pza. América, Portal Oficinas, 2, 1º
Telf. 986 20 82 00
www.icavigo.org

¿Que facer fronte á violencia de xénero?



Estou a sufrir unha situación de violencia de xénero. Non sei que facer.... ¿quen me pode axudar? ¿onde pode solicitar información sobre os dereitos que teño?

Se estás en perigo chama á Policía (091), ou á Garda Civil (062) e solicita axuda. Tamén podes chamar ao Teléfono de Emerxencias 112, é gratuito e funciona mesmo sen cobertura.

Para informarte tamén podes chamar ao **Teléfono de Información ás Mulleres 900 400 273**, ou ao **016**. Son servizos gratuítos e anónimos.

Podes acudir persoalmente a solicitar información aos **Centros de Información ás Mulleres** (CIM, ver listaxe) máis próximo ao teu domicilio, ou aos servizos sociais do teu Concello.

¿É importante denunciar? ¿Vale para algo a denuncia?

Si, é moi importarte denunciar, pois é a forma máis segura de protexerte a ti mesma e ós teus fillos/as, de saír da situación que estás vivindo, de ter outra vida diferente.

Non deixes de denunciar por medo, pensa que a xustiza estará da túa parte.

Recomendacións antes de poñer a denuncia

De ser posible, é moi recomendable que antes de iniciar ningún trámite legal busques asesoramento. Podes acudir aos centros de información ás mulleres, ao Teléfono de información ás mulleres (**900 400 273** ou ao **016**), aos servizos sociais do teu concello e ás asociacións especializadas que prestan asesoramento xurídico gratuito.

Recolle e garda a documentación persoal túa e dos teus fillos e fillas (DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia, a tarxeta sanitaria, libro de familia, documentación médica, cartillas bancarias, algo de diñeiro en efectivo...)

Se estás pensando en abandonar o domicilio conxugal, pero non o fas por medo a que o teu marido te denuncie por abandono do fogar, debes saber que o abandono do fogar non é delito, o único que é delito e deixar de cumprir os deberes legais de asistencia respecto dos fillos/as.

Se saes do domicilio conxugal, é recomendable que no prazo de 30 días presentes a demanda de separación ou divorcio.

Principais dereitos das mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero

Se es estranxeira non teñas medo a ser expulsada do país por estar en situación de irregularidade. Conforme a Lei de estranxeiría ao denunciar a situación de violencia de xénero non se iniciará expediente de expulsión e, de ser o caso, suspéndense o expediente sancionador iniciado ou a execución das ordes de expulsión ou devolución acordadas con anterioridade.

Terás dereito a solicitar unha autorización de residencia e de traballo por circunstancias excepcionais tan pronto che sexa concedida unha orde de protección ou sexa emitido un informe do Ministerio Fiscal no que se aprecie a existencia de indicios de violencia de xénero, non terás que esperar á sentenza.

Se non dominas ben o idioma, recorda que tes dereito a intérprete desde o primeiro momento da denuncia e durante todo o proceso, solicítalo sempre que o necesites.

¿Onde podo poñer a denuncia?

Na Comisaría de Policía Nacional, na Garda Civil, na Policía Autonómica ou no Xulgado. Tamén podes ir á Policía Local cando sexa urxente e non teñas cerca ningún dos outros sitios indicados.

¿Necesito avogado/a para poñer a denuncia?

Non. En todo caso é moi recomendable que esteas asistida desde o primeiro momento por un avogado/a que se encargue da defensa dos teus dereitos, e se non tes algún da túa confianza, podes solicitar que che designen un avogado/a da quenda de oficio no momento de facer a denuncia.

Non teño cartos para pagar os gastos derivados dun proceso (avogado/a, documentación, peritos...)

Se non tes recursos económicos, podes solicitar o dereito á asistencia xurídica gratuita nos colexios de avogados (ver listaxe), onde te informarán sobre os requisitos e a documentación que precisas.

¿Como teño que facer a denuncia?

Terás que dar os teus datos (nome, DNI, enderezo...) e os datos do teu agresor.

Debes contar todos os feitos do xeito máis detallado posible (insultos, ameazas, agresións físicas ou psíquicas, todo aquilo que consideres importante).

Cando remates de relatar os feitos, le a denuncia con calma e asegúrate de que se recolleu todo o que dixeches, podes modificar ou ampliar o que consideres.

Solicita a orde de protección no momento de poñer a denuncia. Non te esquezas de pedir as medidas de natureza civil (uso e disfrute da vivenda, garda e custodia dos fillos/as, prestación de alimentos, suspensión de comunicación e visita do pai cos fillos/as...)

Pide sempre unha copia da denuncia. É importante gardar a copia, pois no caso de producirse outra agresión, servirá para demostrar que é habitual ese comportamento no agresor.

¿Que é a orde de protección (OP)?

Son unha serie de medidas para a túa protección que aproba o/a xuíz no prazo máximo de 72 hs (3 días) desde a interposición da denuncia. Poden ser medidas penais (prohibición de que o agresor se aproxime a ti ou se comunique contigo, prisión provisional do agresor...) e medidas civís (atribución do uso da vivenda familiar, medidas relativas á patria potestade, custodia e réxime de visitas dos/as fillos/as menores de idade, medidas para asegurar a prestación de alimentos...)

E despois de presentar a denuncia...¿que acontece?

Podes pedir a protección e o acompañamento da policía ou da garda civil para volver á túa casa ou, de ser o caso, retirar do domicilio familiar a túa roupa e obxectos persoais.

En caso necesario, ti e os/as teus fillos/as poderedes ir a unha vivenda de acollida onde estar tranquilos e seguros durante o tempo que se precise. A Policía poderá poñerte en contacto coas organizacións que xestionan as casas de acollida.

Tamén podes solicitar nos Servizos Sociais do teu Concello un teléfono móbil para a túa protección que te conecte directamente coa Policía.

O xuízo.

O normal nos casos de violencia de xénero é que o asunto se tramite polo procedemento de xuízo rápido. Cando hai que realizar exames médicos e/ou psicolóxicos ou é preciso facer outras probas, o xuízo pode demorarse uns meses. Non te preocupes porque durante ese tempo estás protexida polas medidas acordadas na orde de protección.

¿Onde podo informarme sobre como vai o meu caso?

Se tes designado un avogado ou avogada, consúltalle a él/ela todas as dúbidas que teñas sobre o procedemento.

Tamén podes dirixirte persoalmente ao Xulgado de Violencia de Xénero que leva o teu caso para solicitar información e pedir unha copia do teu expediente.

¿O meu agresor vai ir ao cárcere?

Ante todo recorda que si a túa parella vai ao cárcere a responsabilidade non é túa, a pena de prisión será a consecuencia do seu comportamento.

Na sentenza estableceranse de xeito definitivo as medidas acordadas con anterioridade na orde de protección (relativas ao uso da vivenda común, custodia e visitas dos/as fillos/as, pensión de alimentos, prohibición de que o agresor se aproxime a ti e/ou ós/ás teus fillos/as). No caso de que a sentenza sexa condenatoria, conterà a pena que se lle impón ao agresor así como a indemnización que debe abonarche como vítima, de ser o caso.

¿Que teño que facer se o meu agresor incumpriu a orde de afastamento?

Tes que informar inmediatamente ao teu avogado/a, ao xulgado ou á Policía.

Iniciarase contra o agresor un procedemento xudicial por incumprimento da orde de afastamento, podendo impoñerse penas de seis meses a un ano de prisión.

Se non traballo nin teño ingresos ¿como me podo manter eu e os meus fillos/as?

Existen distintas axudas económicas, mensuais ou nun único pago, dependendo da túa situación persoal e familiar.

Lugares onde podes solicitar información sobre as axudas:

Teléfono de información ás mulleres **900 400 273**

Centros de Información á Muller (ver listaxe)

Secretaría Xeral de Igualdade (ver listaxe)